

DECRETO DA ALCALDÍA.-

ASUNTO: Convocatoria para a selección en réxime laboral temporal de 2 peóns en situación ou risco de exclusión social perceptores de RISGA 2024.

Vista a convocatoria realizada para a selección con carácter laboral temporal de 2 **Peóns**, ao abeiro da Orde do 27 de decembro de 2024 da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade. (DOG nº 17, de 24/01/2024).

Visto, o disposto nas correspondentes bases reguladoras, aprobadas por Resolución desta Alcaldía de data 22/05/2024,

Pola presente, e en virtude das atribucións que me confire a vixente lexislación de Réxime Local, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Designar ao Tribunal cualificador do devandito proceso selectivo composto polas seguintes persoas:

Presidenta: Dna. Natalia Puente Piñeiro, Empregada pública do Concello de Begonte.

Suplente: Isaac López Villamor, Empregado público do Concello de Begonte.

Secretario: Dna. M^a Jesús Blanco Prado, Empregada pública do Concello de Begonte.

Suplente: D. Antonio Lorenzo Morandeira, Empregado público do Concello de Begonte.

Vogais:

Titular: Dna. Sara Martínez Ferreiro, Empregada pública do Concello de Begonte.

Suplente: José Manuel Loureiro Corrales, Empregado público do Concello de Friol.

Titular: Dna. Mónica Vázquez Fandiño, Empregada pública do Concello de Láncara.

Suplente: D. Javier Ferro Modia, Empregado público do Concello de Friol.

Titular: D. Antonio Lorenzo Morandeira, Empregado público do Concello de Begonte.

Suplente: D. Julio González Casanova, Empregado público do Concello de Friol.

SEGUNDO.- Convocar ao Tribunal de selección cualificador para o vindeiro martes, día 03/06/2024 ás 11h00 horas nas Oficinas da Casa do Concello de Begonte, para a súa constitución e proceder a realización da proba práctica e valoración na fase de concurso dos méritos alegados polos aspirantes.

Convocar asemade, en único chamamento, para ese mesmo día 03/06/2024 aos aspirantes remitidos polo Servizo Público de Emprego aos efectos da, realización da proba práctica, nos seguintes horarios:

- 11.30 h. no Polígono Industrial de Begonte - Nave municipal, proba práctica.

* Os aspirantes deberán ir provistos de D.N.I. ou documento identificativo.

TERCEIRO.- Publicar esta resolución no Taboleiro de anuncio da Casa do Concello, no Taboleiro de anuncios da sede electrónica, na Páxina Web, coa indicación de que contra ela poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición no prazo dun mes ante esta Alcaldía ou directamente recurso contencioso – administrativo ante o



Xulgado do Contencioso – Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación do edicto.

Acórdao, mándao e asínoa o Sr. Alcalde- Presidente, en Begonte, do que eu Secretario certifico.

O Alcalde- Presidente

O Secretario- Interventor.

